

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS (ADOS) E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A TRAVÉS DO CENTRO DE INVESTIGACIÓN EN MEDICINA MOLECULAR E ENFERMIDADES CRÓNICAS (CiMUS), PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN TITULADO: *"MECANISMOS DE INMUNOMODULACIÓN EN DOANTES SANS"*

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, DECLARA:

- Que o Conselleiro de Sanidade e Presidente da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos formalizou o día 11.03.2026 coa Universidade de Santiago de Compostela a través do Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CiMUS) o instrumento convencional arriba referido, que terá vixencia de catro anos desde o día seguinte ao da súa sinatura.

- Que o instrumento convencional ten por obxecto, segundo expresa o texto do acordo, *"materializar e regular a colaboración entre as partes para o desenvolvemento do proxecto de investigación titulado: "Mecanismos de inmunomodulación en doantes sans"*.

A finalidade do proxecto de investigación é comprender como son as respostas inmunitarias en saúde e tras tratamentos inmunitarios, e en determinados contextos, comparalas coas de pacientes con enfermidades de orixe inmunitario."

- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

- Que o instrumento convencional asinado fundaméntase, segundo o seu texto, en que:

"O proxecto denomínase "Mecanismos de inmunomodulación en doantes sans".

O proxecto ten ditame favorable do Comité de Ética da Investigación CEI territorial de Santiago-Lugo do 24.09.2025.

Para o desenvolvemento do proxecto o equipo de investigación precisa de mostras de sangue denominadas Buffy-Coats.

A buffy coat é o concentrado plaquetario (capa leucocitaria) preparado a partires de capas leucocitarias procedentes de diversas unidades de sangue total.



Para o proxecto a ADOS facilitará ás persoas responsables do estudo unicamente aqueles buffys coats remanentes que non se vaian a empregar na preparación de unidades de plaquetas procedentes de persoas doadoras que firmasen o consentimento informado de ADOS no momento da doazón.”

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria, en Santiago de Compostela.

